

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M^a S. López Martínez (2004): “Os verbos denominativos na lingua medieval: chamar”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 195-208.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

OS VERBOS DENOMINATIVOS NA LINGUA MEDIEVAL: CHAMAR*

M^a Sol López Martínez

Facultade de Filoloxía. Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

A nosa primeira intención con este traballo era tratar de describi-lo esquema clausal dos chamados verbos denominativos, as limitacións temporais e de espacio obrigáronnos a centrarnos unicamente na descrición dun destes verbos.

1. OS VERBOS DENOMINATIVOS

Na clase dos verbos denominativos constituída, entre outros, por *chamar*, *dicir* (nunha das súas acepcións), *designar*, *elixir*, *alzar*, *aclamar*, etc. diferenciamos dous grupos. O primeiro está formado polos chamados denominativos típicos, isto é, os verbos de nominación ou **asignación** que orixinan o esquema “chamar algo/dalgún modo a alguén/algo” (cfr. Penadés Martínez, 1994, p. 150). Son deste tipo verbos como *chamar*, *dicir* e dúas expresións que son moi frecuentes na lingua medieval: *aver nome* e *poñer nome*. O segundo grupo constitúeno os verbos que chamamos de **designación** que cobren o campo que corresponde a *nomear* (para un cargo) entre os que están *designar*, *elixir*, *alzar*, *aclamar*, etc. O esquema, neste caso sería “nomear a alguén/ algo”. Como sinalamos ó principio, este traballo centrarase unicamente nun verbo. Pola frecuencia de uso que ten, tanto na lingua medieval coma na actual, eliximos *chamar*.

Para realizar esta análise partimos dos conceptos de ‘valencia verbal’ e de ‘argumento’ ou ‘actante’. Considerámo-lo verbo como a unidade sintáctica que desempeña a fun-

* Esta comunicación desenvólvese no marco do **Proxecto de Gramática Histórica** subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

ción predicativa na cláusula. Polo tanto, asume a función central desta e determina a súa estrutura tanto desde o punto de vista sintáctico, coma desde o punto de vista semántico. A valencia verbal é o elemento determinante da estrutura característica de cada verbo. Non é este o momento para explica-la evolución que ten seguido o concepto de valencia desde a creación, como valencia sintáctica, por parte de Tesnière (1959) ata se converter nun concepto imprescindible para establece-las estruturas clausais básicas dos verbos dunha lingua determinada. Para Busse-Vilela (1986) a valencia é o “número de lugares vazios previstos e implicados pelo (significado do) lexema. São precisamente os verbos que presentan de modo mais evidente estruturas relacionais de tipo valencial” (1986, p. 13). A valencia verbal é, polo tanto, a capacidade combinatoria que no eixe sintagmático ten o verbo (cfr. García-Miguel, 1995, p. 19). Por outra parte, chamaremos ‘argumento’ ou ‘lugar vazio’ o termo contido na estrutura doutro termo (Busse-Vilela, *op. cit.*, p. 13). Así pois, considerámo-la cláusula como unha unidade gramatical consistente nun predicado que se combina cun ou máis elementos, que dependen del, denominados argumentos do predicado ou actantes (cfr. García-Miguel, *op. cit.*, p. 20).

Pero ademais do número de ocos baleiros (argumentos ou actantes), o verbo determina tamén as propiedades morfo-sintácticas e semánticas dos actantes que enchen na cláusula eses ocos argumentais. Así pois, na valencia verbal, segundo Busse-Vilela (1986, p. 18) hai que ter en conta o seguinte

valencia	actantes (características)
verbo - nº de actantes (ocos baleiros)	morfo-sintácticas sintácticas semántico-categoriais semántico-relacionais

No concepto de valencia utilízanse diferentes terminoloxías para se referir ós diversos aspectos da valencia verbal. Así, fálanse de:

I. Valencia cuantitativa: número de actantes de ocos baleiros dun verbo

II. Valencia cualitativa: características dos actantes:

1. Sintáctica: amosa a estrutura sintáctica da cláusula que depende da elección do lexema verbal:

- 1a) Funcións sintácticas desempeñadas polos actantes
- 1b) Categorías gramaticais

2. Semántica:

2a) Características semántico-categoriais dos actantes:

SUX=Humano

2b) Características semántico-relacionais:

Funcións semánticas: Axente, receptor, etc.

Polo tanto, de acordo co que chamamos valencia cuantitativa podemos falar de verbos: avalentes (impersoais), monovalentes (os verbos intransitivos), bivalentes (comer, ler, etc.), trivalentes (dar, etc.) e tetravalentes.

En conclusión indicamos que o verbo, como núcleo da predicación, é o responsable da organización sintáctico-semántica da cláusula. Polo tanto, tendo en conta o tipo de proceso expresado por el, haberá un número de actantes cubrindo posicións previstas polo esquema do predicado, e a cada un corresponderanlle unhas características sintácticas (funcións e categorías) e semánticas (funcións semánticas e restricións de selección).

Estas son, pois, as consideracións teóricas das que partimos para tratar de describi-lo esquema argumental ou, no seu caso, os esquemas que resultan da valencia do verbo *chamar*. Antes de pasar a realizar esta análise debo advertir que, aínda que nocións deste tipo son utilizadas nos estudos de gramática actual, a aplicación destes fundamentos teóricos no campo da diacronía presenta dificultades engadidas, pola falta de competencia lingüística nese estado de lingua.

2. O ESQUEMA VALENCIAL DO VERBO ‘CHAMAR’

Como sinaléi anteriormente, o núcleo desta comunicación constitúeo a descrición do esquema valencial e as características específicas relacionadas con cada un dos ocos do esquema de *chamar*. Este verbo cando orixina o esquema “chamar algo/dalgún modo a alguén/ algo” forma parte do grupo de verbos de nominación ou asignación; é dicir, pertence ós que consideramos verbos denominativos típicos.

En latín existía un número importante de signos léxicos con significado denominativo; verbos como: *vocare, dicere, appellare, nominare, vocitare e clamare* (Gutiérrez 1986, p. 201). A situación no galego mantívose nalgúns aspectos e cambiou noutros. Así, na evolución do latín ó galego algunhas formas léxicas non se mantiveron (non chegaron ata nós *vocitare, vocare*) e outras (como é o caso do verbo *apellare*) modificaron o seu valor semántico, perdendo, neste caso, o seu sentido denominativo.

Partindo do concepto de valencia, S. Gutiérrez fixo unha caracterización para o castelán deste grupo de verbos que nos vai servir de punto de partida. Segundo S. Gutiérrez o termo verbo denominativo pódese aplicar ó conxunto de signos léxicos que cumpren os seguintes requisitos:

- a) a súa “predicación nuclear” posúe triple valencia funcional: X (verbo) Y (a) Z.
- b) o argumento Y expresa a denominación que X atribúe ou asigna ó termo Z.
- c) Y posúe función mencionadora: non denota senón o nome que se atribúe a Z.
- d) O termo X é potestativo, mentres que a presenza de Y e Z é obrigatoria (cfr. Gutiérrez 1986, p. 201).

A estrutura típica deste grupo de verbos en galego coincide, en xeral, tamén coas consideracións de S. Gutiérrez. Se nos centramos especificamente en *chamar*, este pre-

senta as seguintes características léxicas. Se nos referimos á valencia cuantitativa, este verbo presenta tres ocos argumentais (tres actantes). Estes argumentos podémolos describir como segue: unha ‘entidade’ que asigna ou atribúe a outra ‘entidade’ unha denominación.

Dun xeito xeral, podemos dicir que estes verbos impoñen uns trazos selectivos ás entidades que constitúen a súa estrutura argumental. Estes trazos son os seguintes:

- a) carácter +humano para a ‘entidade’ que efectúa a asignación, que actúa como axente.
- b) carácter +/- animado para a entidade que recibe a denominación e que desde o punto de vista semántico podémolo considerar termo ou obxecto afectado (cfr. Penadés Martínez, *op. cit.*, 150).

Estas son as características xerais fundamentalmente de carácter semántico deste tipo de verbos, e concretamente de *chamar*. Con todo, na análise do esquema valencial deste verbo na lingua medieval achamos algunhas particularidades nos diferentes ocos funcionais que imos tratar de describir a continuación.

2.1. A entidade ‘denominación’

Partindo dos ocos argumentais (actantes) propostos por S. Gutiérrez, observamos que neste tipo de estruturas denominativas a característica básica é a presenza da entidade que chamamos ‘denominación’. En principio, este actante pode responder a distintas necesidades ou intencións comunicativas e en función disto farase a elección dos elementos lingüísticos que, polo seu contido, resulten apropiados para efectuar tal asignación.

Como veremos nos exemplos, esta construción trata de singularizar entidades dentro da clase a que pertencen. Os elementos lingüísticos que cobren esta función denominativa son habitualmente nomes propios. Así, no corpus¹ que empregamos podemos comprobar que, en máis da metade dos exemplos, a entidade portadora dunha ‘denominación’ aparece representada por esta subclase de palabras (dun total de 104 exemplos, en 65 hai un nome propio):

Et o segũdo fillo ouuo nome Aleixandre, et chamárõlle depouys *Pares*, || por hũa auẽtura que lle acaesceu, que aquí nõ cõta. (CT, 230)²

A terçeyra ouuo nome Yrlea, quarta foy Çepa, a quinta ouuo nome Tinbre, a sexta || chamārõ *Troyjín*. (CT, 233)

¹ O corpus que utilizamos procede do arquivo de textos medievais informatizados pertencentes ó Proxecto de Gramática histórica. Dado que resultaba imposible o estudio e descrición de tódolos textos, decidimos utiliza-la maior parte dos textos seleccionando un número determinado de páxinas en cada un deles. Na relación de textos literarios que aparece ó final indicamos, para cada texto, o número de páxinas que tivemos en conta. Non citamos as páxinas nos textos tabeliónicos porque seleccionamos aleatoriamente un conxunto de documentos de diferentes séculos.

² Para a identificación dos exemplos utilizamos normalmente as iniciais do título e o número de páxina. Nos exemplos pertencentes ás cantigas medievais (profanas) incluímos tamén o número da Cantiga. Esta diferenza débese a que citamos pola nova edición coordinada por M. Brea e nela as cantigas aparecen ordenadas alfabeticamente segundo o nome do autor.

mais, por la vondade et santidade do dito arçebispo Leandro, doulle huun seu fillo a que chamauan *Recaredo*. (CI, 38)

Fvy hũu rrey que avia nome Tiro et pagouse de hũa moça que chamauã *Pila*, filla de hũu moleiro que avia nome Atus (MS, 48)

Noutros casos o esquema denominativo serve para describi-la situación na que mediante a asignación dunha ‘**nota**’ a unha entidade se lle dá a esta certo tratamento, valoración, etc. Neste caso, as unidades gramaticais que ocupan os ocos funcionais son nomes comúns,

Afons’ Afonses, batiçar queredes || vosso criad’ e cura non avedes || que chamen *clérigu*’; en esto fazedes, || a quant’ eu cuido, mui mao recado: || ca, sen clérigo, como averedes, (LP, 9,1, 101)

E por ende lle chama a estoria *fillo* || *de p[e]rdiçõ e [esto e de] estragamento* [et] de fazer mal; et este dom || Fruela Vermundez dezendeu do linagem del rrey dom Vermũdo (et), logo (TCX, 27)

et chamalle Mõysem ão quarto capitulo do Genesis *padre dos cantadores*, ca este achou primeyramẽte a arte da musica que he arte decantar et de fazer sonos. Et el foy (GE, 16)

Et nõ quisu Ovidio chamar descubertamẽte ão seu libro, por mayor vergonça, *pejuro* a el rrey (HT, 14)

pero tamén achamos outras clases de palabras,

Et departe Dayres ãna estoria que aquela naue en que yam os mays onrrados fora a primeyra de aquela terra sen os outros navios que forõ y. Et ouvo nome Argo et *asy* lle chamarõ depois ãnas escripturas (HT, 19)

por-que dizẽ en latim ‘napta’ por marineyro, tomou o sabeo que a estoria cõposo este nome ‘napta’ et ajunto o a Argo que chamã a a nave et fezo ende este nome ‘argonapta’ Et *asi* a chama a estoria (HT, 19)

Et foron entonçes ajuntados moitos sabedores sobre razon de *como* chamarian aa egllesia onde jacia o corpo de Apostolo Santiago (Iria, 47)

Como se pode constatar nos exemplos, hai unidades distintas que figuran no oco funcional que lle corresponde á denominación atribuída a unha entidade e, parece que os propósitos comunicativos non son os mesmos; pero, desde o punto de vista sintáctico, o feito de que diferentes clases e/ou subclases de palabras poidan ocupar este oco funcional non supón ningún tipo de alteración no esquema sintáctico.

2.2. A entidade que asigna a ‘denominación’

O outro oco argumental que presenta certas particularidades é o que corresponde á entidade que realiza (fai) a asignación da denominación, é dicir, o elemento que, desde o punto de vista semántico, desempeña a función de axente. Para tratar de explica-las

peculiaridades deste actante, cómpre indicar que este tipo de verbos en latín se construían con dous acusativos que concordaban, e un terceiro actante que era o axente do proceso (cfr. Ernout-Thomas, 1953, pp. 35-36). É dicir, estes verbos presentaban unha construción triactancial. No galego o esquema valencial destes verbos, e concretamente o do verbo *chamar*, segue, no esencial, a tendencia latina. Isto é, seguen sendo verbos trivalentes, que presentan habitualmente estruturas triactanciais:

Et a scriptura || lle chama *Eblías*, que tâto quer dizer cōmo omē garda de justiça || et de poboo (MS, 21)

Et ajuntou grandes cōpanas do rreyno et grandes gentes de gallegos || et d'asturãos et doutras partes, tâtas que *llj* chamaua a estoria grande oste (TCX, 27)

et chamalle *Mōysem* ño quarto capitolo do Genesis *padre dos cantadores*, ca este achou primeyram~ete a arte da musica que he arte decantar et de fazer sonos (GE, 16)

Con todo, este verbo, alomenos aparentemente, parece que presenta variación valencial segundo que o verbo estea en activa, pasiva ou pronominal. Nos exemplos anteriores, as tres posicións argumentais están cubertas polos diferentes elementos lingüísticos, pero non sempre ocorre isto (nin expresamente, nin por elipse contextual) xa que, o mesmo que sucedía en latín (Gutiérrez 1986, p. 201), o lugar que se corresponde coa función sintáctica de suxeito, cando o verbo está en activa, falta con bastante frecuencia chegándose deste xeito a impersonalidade. Esta ausencia do axente exprésase habitualmente coa forma verbal en 3^a persoa de plural. Naturalmente esta tendencia dáse con tódolos verbos denominativos, pero quizais é máis habitual nuns ca noutros. Polo que se refire ó verbo *chamar* dos 104 exemplos que manexamos 54 preséntanse con esta característica:

Et mandou que lle *chamases* [rey] cōmo a ele (TCX, 10)

Item o casal et herdade a que *chaman* Boanna, que he enna friigrisia de san Pedro || de Jallas, con suas pteenças suas herdades, casas et chantados, uquer que. (Universi, 261)

Et foy desta guisa: hñu conde que *chamauã* Aldaredo et outro rico ome que auia nume Preuiolo, com sete fillos seus, alçarõse cō soberua et (TCX, 15)

Et chegou a hñu couto de Santiago que ha nome Cornell[ã]a, que jaz cabo do rrio a que *chamã* Limia (MS, 12)

Et durou esto tâto fasta que veõo o tẽpo de hum rrey a-que *chamauã* Oeta. Et este rrey avia hua filla a que *chamauã Medea* et esta Infanta Medea foy moy sabea en arte magica et detodos los encantamẽtos (HT, 17)

et *chamarõ* por ende a Caym, Caym Nod, et quer dizer tanto cōmo Caym , ou nõ esta-bele, et a esa terra esto diserõ outrosy. Et cōmoquer (GE, 13)

Et huuns dizian que lle *chamases* Lugar Santo; et outros dizian Lliberum donum; et outros dizian que lle *chamases* Compostela (CI, 48)

Et *chamarõ* por ende a aquel mar Alespõto que quer dizer tâto cõmo o mar et Ehienle por aquela jnfãta /onde o espanto tanto quer dizer cõmo o mar de (HT, 16)

A possibilidade de que un oco valencial poida quedar libre no esquema dun determinado verbo xa fora contemplada na gramática de valencias polo propio Tesnière (1959). Esta possibilidade lévanos a considera-lo argumento correspondente ó axente como un actante facultativo. Nestes casos, en principio, non se produce unha diminución da valencia verbal, senón que o significado léxico do verbo implica un argumento que sintacticamente non se realiza. Dado que o suxeito ten carácter de obrigatoriedade (referente a través do número e persoa verbal), temos que empregar procedementos específicos de impersonalidade cando non se quere ou non se pode indica-la identidade do primeiro actante, como, por exemplo, a 3ª persoa de plural. Polo tanto, desde o punto de vista da semántica léxica o verbo *chamar* mantén a valencia cuantitativa (é dicir, é trivalente), pero sintacticamente presenta un actante menos.

A ausencia do actante (argumento) que efectúa a asignación xeneralízase cando este verbo se presenta na modalidade pasiva. No corpus que empregamos achamos 11 exemplos coa forma verbal en pasiva e en ningún deles está presente o actante que debería desempeña-la función semántica de axente:

Et dos rreys que depouys del rey dom Paayo, por este nume *forom chamados*, este foy o quarto Affonso, o Magno (TCX, 27)

A Carlos, o que *foy chamado* Caluo por sobrenome, caeu aquela partida do rreyno que e cõtra ouçient[e], do mar Ocçeano (TCX, 26)

et ora vos cõtaremos de Santiago Alffeu. Santiago Alfeu *he chamado Alfeu* a deferença d'este Santiago primeiro que se chama Zebedeu (MS, 19)

Et [e]ste *he chamado* ãno Avãgeo Santiago o Menor, et foy o primeiro bispoque ouve en Iherusalem (MS, 19)

Este Santiago *he chamado* home de luz, obrador de uerdade, et era tã santo que o omẽ que o vise cobiiçaua moyto a tajer dos fios da sua rroupaque tragia vestida (MS, 29)

Et por esto et porque nũa quedaua fazẽdo bẽ *era chamado* Justo, que quer dizer ome dereito (MS, 21)

De vespas que lle ende sayam, et nõ podias dela seer saõ, et por eso *era chamado* Vespasiano (MS, 36)

Et por esto os rromãos mãdarõ tirar o corpo del do rrio, et por escarnio leuarõno a Vi[e]na et alan[ç]arõno ãno Rrodo; et Vi[e]na *era chamada* en latin “via gehene” que quer dizer “carreira do inferno” (MS, 57)

Et ante que a vila fose çercada, fui demostrado por lo Spiritu Santo aos santos et aos cristiãos que morauã en Iherusalme, que se fosen d'y par hũu castelo que *he chamado* Pela, que he tras lo rrio de Jordam (MS, 37)

Das duas fillas, a primeyra que naçeiu *foy chamada* Casandra (CT, 230)

Et o quinto *era chamado* Troylos, et foy moy bon caualleyro et ouuo grã prez de caualaría, assý cõmo adeãt oyredes perla estoria (CT, 230)

Podemos dicir entón que este oco funcional se comporta como un complemento facultativo e, en pasiva, este verbo, non realiza sintacticamente o actante que indica o axente do proceso. Fronte a Moreno Cabrera (1987) que relega á periferia da cláusula o axente da pasiva, existe unha tendencia maioritaria a considerar un paralelismo entre a estrutura activa e a pasiva partindo dos participantes (Halliday, 1975, 170). García-Miguel (1995, p. 109) sinala que a pasiva actúa sobre predicados biactanciais e non cambia a valencia cuantitativa do verbo. Efectivamente, como sinala Suárez (1996), se aceptamos que a pasiva é a transformación dunha estrutura activa, parece difícil non considerar a existencia do axente como elemento implicado no esquema valencial. Neste sentido, non parece que lle debamos asignar unha posición especial se se acepta previamente que os elementos implicados na estrutura semántica presentan unha xerarquización. Deste xeito, na estrutura pasiva o obxecto (paciente) está na xerarquía antes có axente. Como indica García-Miguel (1995, p. 110), na pasiva o paciente pasa de ser 2º participante da activa (CD) a 1º participante (suxeito).

Por outra parte, a ausencia do axente na pasiva con *chamar* non é máis que a confirmación da tendencia que este verbo amosa na activa. As causas polas que a función semántica de axente non se cobre xeralmente neste verbo denominativo son, ó noso parecer, de índole pragmática. Neste tipo de estruturas os elementos centrais da comunicación son a denominación asignada e a entidade a que se lle asigna, pero non quen a asigna (cfr. Suárez, *op. cit.*). Parece, pois, claro que neste tipo de estruturas a mención do axente non ten moito interese e, polo tanto, ó noso modo de ver, o emprego da pasiva convértese nunha das formas lingüísticas máis adecuadas cando se quere transmitir este tipo de información.

Ata o momento describímo-las características do oco argumental que desempeña a función semántica de axente co verbo *chamar* en estruturas activas e pasivas, pero ¿que ocorre coas construcións pronominais? Polo que podemos deducir do corpus que utilizamos, o uso pronominal con este verbo denominativo na lingua medieval non é moi abundante. Non obstante, e tendo en conta que na lingua actual este tipo de construcións é bastante frecuente, cremos que pode resultar interesante tratar de describilas.

A situación destas estruturas agora é distinta. Cando fixemos referencia ós esquemas do verbo *chamar* en pasiva, concluímos que, aínda que non estaba presente o axente, o verbo deberíámolo seguir considerando triactancial no que un dos ococionais, concretamente o que se corresponde coa función semántica de axente, é facultativo e, polo tanto, habitualmente non está presente (mellor dito, non ten interese desde o punto de vista informativo). Pero cando se trata destas construcións pronominais parece que si debemos falar da perda dun argumento (é dicir, neste caso presenta menos actantes que o esquema básico que tomamos como referencia. Estaríamos, como sinalou Tesnière, diante dunha construción **recesiva** (1959, p 272). Posto que a recesividade

supón a perda de alomenos un actante, parécenos importante diferencia-la diminución da valencia cuantitativa da non mención dun actante opcional e, sobre todo, da non realización dun actante que se pode identificar nun contexto mediante recursos gramaticais (García-Miguel, 1995, p. 85).

Cando se contrasta un esquema activo transitivo e a súa transformación nun esquema co verbo en forma pronominal, observamos que o proceso se presenta doutro xeito, é dicir, achámonos cun participante menos. Isto parece claro no tipo de verbos que estamos a describir. Así, o esquema ‘alguén chama a alguén /algo dalgunha maneira’ pasa a ‘alguén se chama dalgunha maneira’. Neste caso non é posible asignarlle función clausal á forma pronominal que se integra no predicado indicando (marcando), fronte á pasiva, unha organización diferente das relacións entre o predicado e os seus argumentos. Podemos dicir que as construcións pronominais enfocan o proceso desde o punto de vista do paciente e esta función semántica realízase sintacticamente como suxeito. Isto é o que ocorre nos seguintes exemplos:

Santiago Alfeu he chamado Alfeu a deferença d’este Santiago || primeiro que *se chama* Zebedeu. Et ambos tomarõ os nomes dos || padres, ca hñu *se chama* Santiago Alfeu et o outro *se chama* Santiago || Zebedeu. Et Jacobus he nome abrayquo, et en nosa lingoajeen (MS, 19)

En conclusión, o verbo *chamar* cando aparece en construción pronominal experimenta unha redución na súa valencia que diminúe nun o número de actantes. Polo tanto, ó noso modo de ver, ó esquema trivalente activo correspóndelle, na forma pronominal, un esquema bivalente .

2.3. A entidade a quen se lle asigna a ‘denominación’

Por último, merece comentario o outro oco argumental que se corresponde coa entidade a quen se lle asigna a denominación. Cómpre indicar que este oco argumental remite a un actante que ten as características semánticas de +/- animado. Este actante está presente sempre na estrutura de tales verbos ben mediante a categoría sintáctica correspondente, de carácter nominal, ben botando man de procedementos gramaticais, como a utilización dos clíticos ou pronomes átonos.

Para describi-las particularidades deste oco argumental temos que volver facer referencia á estrutura destes verbos na lingua latina. Ocorre que esta función semántica de obxecto afectado (paciente) construíase en latín con acusativo; coa perda dos casos, a tendencia xa na lingua latina era a substitución do acusativo (referido a persoa) por un dativo ou mellor por ‘ad + acusativo’. De aí que tamén na lingua medieval achemos casos nos que o nominal vai precedido de preposición. A presenza da preposición é máis habitual naqueles casos nos que o obxecto posúe o trazo de +animado e amosa un alto grao de determinación. Así pois, este actante pode aparecer de dúas formas distintas, a saber: un nominal só, ou precedido da preposición *a*. Este uso de distintas marcas na codificación do que, polo menos aparentemente, é unha mesma relación gramatical de-

nomínase variación actancial (cfr. García-Miguel, 1985, p. 64). Na variación de marcas dos participantes no proceso imos distinguir de acordo con Bossong (1991, pp. 151-152) aquelas variacións fosilizadas que se usan mecanicamente sen excepcións relevantes³, daqueloutras que se empregan con certo grao de liberdade de elección por parte do falante. Se a variación se refire ó obxecto, Bossong chámalle “marcación variable do obxecto”.

Un exemplo deste 2º tipo de variación parece que podería se-lo emprego da preposición *a* co CDIR no galego. Na lingua actual, determinados obxectos (os pronomes persoais) esixen a marca preposicional,

Viute a ti no cine

noutros pódese poñer ou omitir,

ó neno vino onte // *o neno* vino onte
obedece ó xefe // *obedece as normas*

mentres que hai casos nos que é imposible poñe-la preposición, naturalmente coa mesma función,

<i>Leo libros</i>	* <i>leo a libros</i>
<i>Vin nenos</i>	* <i>vin a nenos</i>
<i>Teño un neno</i>	* <i>teño a un neno</i>
<i>hai un neno</i>	* <i>hai a un neno</i>
<i>fixo o traxe</i>	* <i>fixo ó traxe</i>

Vemos, pois, que a preposición é obrigatoria nun casos, pero noutros é opcional e mesmo pode estar vetada a súa presenza. Isto móstranos que o cambio de marcas non é aleatorio, senón que está relacionado con diferencias de significado que non pertencen exclusivamente ó participante afectado. Lazard (1984, pp. 271-273) sinala tres tipos de factores que poden intervir neste cambio de forma:

1) Características do predicado ou do conxunto da cláusula:

a) Clase léxica do verbo

b) Categorias gramaticais (tempo, aspecto, etc.)

2) categorías nominais

3) Estructura Informativa.

1) En relación co primeiro considera que existen clases de verbos que por diferentes razóns, entre as que estarían as de índole diacrónica, amosan unha certa tendencia a varia-la marca.

2) Este segundo factor é probablemente o tipo de variación actancial máis habitual e tamén o que máis nos interesa para este caso.

³ Un exemplo deste tipo de variación atópase non neutros latinos que posúen a mesma expresión en nominativo e acusativo. Pois ben con nomes neutros non existe a posibilidade de empregar formas significantes diferentes segundo se trate de SUX ou de CDIR.

Como é ben sabido o galego marca parte das frases nominais en función de CDIR coa preposición *a*⁴. Esta marca, sen dúbida, é moi vacilante nos textos medievais, pero xa está presente no mesmo tipo de contextos nos que con certa regularidade se presenta na lingua actual.

A preposición, aínda que non de forma obrigatoria, pode estar presente naqueles casos nos que o obxecto se caracteriza polos trazos de +animado e/ou +determinado. Son, por tanto, os factores de animación e determinación os que facilitan o emprego da preposición. Estas dúas características poden combinarse nunha única escala de maior a menor presenza da preposición:

- Pronomes de 1ª e 2ª
- Pronomes de 3ª persoa
- Definido/ Humano
- Indefinido/ non humano
- Concreto/ non contable
- Abstracto.

De acordo con esta orde, os pronomes de 1ª e 2ª persoas teñen maiores posibilidades de funcionar como axente e, polo tanto, cando se queren utilizar estes elementos como pacientes, a lingua tende a empregar construcións marcadas, neste caso mediante a preposición *a*⁵.

3) O terceiro factor que pode favorecer a variación actancial é a estrutura informativa. Esta variación estaría representada polo que se denomina ‘duplicación de complementos’; isto é, presenza simultánea dun clítico e un constituínte nominal en concordancia con el. A tematización do obxecto é, sen dúbida, un dos factores máis importantes para a ‘duplicación dos complementos’, pero tamén inflúe, o noso modo de ver, nun uso máis habitual da preposición *a*.

Ben, pois, volvendo ó verbo que estamos a describir, constatamos que a preposición está presente en moitos exemplos que teñen os trazos de +humano e +determinado:

Andados tres anos do rreynado del rey dom Ordono, hũu cabedel dos mouros que fora do linagẽ dos godos, *a que* chamauã[en] arauygo Muça Abencaçim, alcouse contra Mahomat, aquel reyde Cord[o]ua (TCX, 19)

Et durou esto tãto fasta que veõo o tẽpo de hum rrey *a-que* chamauã Oeta. Et este rrey avia hua filla *a que* chamauã Medea (HT, 17)

et chamarõ por ende *a Caym*, Caym Nod, et quer dizer tanto cõmo Caym , ou nõ esta-bele, et a esa terra esto diserõ outrosy (GE, 13).

⁴ Para ve-la utilización da preposición *a* co CDIR desde a Idade Media ata a lingua actual pode consultarse o noso traballo *O Complemento directo con preposición a no galego*, Anexo 36 de *Verba*, 1993.

⁵ Os datos que achamos na lingua medieval indicannos que esta afirmación é válida. Desde os primeiros textos (Os Cancioneiros) achamos, aínda que cunhas frecuencias moi baixas, exemplos de CDIR (pronomes persoais) con preposición (Cfr. López Martínez, *op. cit.* 1993).

pero tamén a atopamos naqueles casos nos que o obxecto non ten o trazo de +animado:

et chegou a hũu couto de Santiago que ha nome Cornell[ã]a, que jaz cabo do rrio *a que* chamã Limia; et pousou en casa de hũu laurador que avia nome Agomiño, et jouve y moyto doente trres dias (MS, 12)

Et chamarõ por ende *a aquel mar* Alespõto que quer dizer tâto cõmo o mar et Ehienle por aquela jnfãta /onde o espanto tanto quer dizer cõmo o mar de (HT, 16).

Se observámo-la forma do clítico que nos serve para identifica-lo actante cando non está presente o constituínte nominal que debería ocupar ese oco funcional, comprobamos que maioritariamente este elemento presenta a forma derivada de dativo (neste corpus achamos 25 con dativo). Coma nos exemplos anteriores, o referente nominal do clítico na maior parte dos casos non posúe o trazo de +animado (só o primeiro posúe esta característica) e, sen embargo, a forma do átono empregada é a derivada de dativo,

E cousa tan desguisada: || des que ora foi casada, || chaman-*lle* Dona Maria. || || D' al and' ora mais nojado, (LP, 9,2, 101)

Et huuns dizían que *lle* chamasen Lugar Santo; et outros dizían Lliberum donum; et outros dizían que *lle* chamasen Compostela (CI ,48)

chamou seus sabedores ante si et preguntoules como chamaría a ese lugar. Et alguuns dezían que *lle* chamase Iria, por Iriem, que a senoriaba o dito; et outros dizían que *lle* chamase Iliá, por la filla do príncipe, rey troyano, quo primeiramente probara (CI, 35)

unicamente en tres exemplos a forma do clítico é a derivada de acusativo, pero só nun caso o referente do clítico ten o trazo de +humano,

e o Demo cedo tome, || quis-*la* chamar per seu nome || e chamou-*lle* Dona Ousenda (LP, 9,2, 101)

nos outros dous o elemento ó que se refire caracterízase por ser -animado,

Et Locario mudou o nume [a] aquela terra et chamoua de seu nume || meesmo Loncargia (TCX 26)

tomou o sabeo que a estoria cõposo este nome 'napta' et ajunto o a Argo que chamã a a nave et fezo ende este nome 'argonapta' Et asi *a* chama a estoria (HT, 19).

Despois destes datos cabe facerse a seguinte pregunta ¿a función sintáctica que desempeña a entidade a quen se asigna a denominación é a de CDIR ou a de CIND?

A resposta non parece fácil, Busse-Vilela (1986, p. 36) considera que no portugués existe unha alternancia entre as ocorrencias de CDIR e CIND. Efectivamente, na lingua medieval galega é posible que exista vacilación na codificación da expresión desta función sintáctica, pero cremos que non se pode falar de dous esquemas sintácticos distin-

tos. O que si parece claro é que, desde a lingua medieval, e aínda na actual, este verbo tende a marcar a función de obxecto coa preposición *a* e a pronominalizala coa forma derivada de dativo, e isto con independencia de que o referente do obxecto teña o trazo de +animado.

Quizais esta tendencia estea relacionada coas características semántico-sintácticas da función de predicativo. Na maior parte dos casos este oco funcional está desempeñado por un nome propio de persoa ou xeográfico, ou por un nome común, en moitos casos precedido de artigo. A necesidade de diferenciar na expresión estas dúas funcións podería se-la razón da presenza da preposición *a*. Se esta fora a xustificación poderíamos dicir que a función sintáctica é a de CD. Esta afirmación estaría apoiada pola posibilidade de transformación pasiva, onde ese obxecto pasa a te-la función de suxeito. En cambio, a interpretación como CIND estaría fundada nunha pronominalización maioritaria coa forma de dativo e unha presenza importante da preposición *a*.

BIBLIOGRAFÍA

a) Corpus analizado

CI = *Corónica de Santa Maria de Iria*, ed. de J. Carro García, Cuadernos de Estudios Gallegos, anexo 5, Santiago de Compostela, 1951, 31-59.

Clargale = *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI* (com referència á situación do galego moderno), ed. de Clarinda de Azevedo Maia, Coimbra, I.N.I.C., 1986.

CT = *Crónica Troiana*, ed. de R. Lorenzo, disposta pola Real Academia Galega, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1985, pp. 215-236.

Devanceiros = *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, ed. de X. Ferro Couselo, 2 vols., Vigo, Galaxia, 1967.

GE = *General Estoria (versión gallega del siglo XIV)*, ed. de R. Martínez López, Universidad de Oviedo, 1963, pp. 3-22.

HT = *Historia Troyana*, ed. K. M. Parker, Santiago de Compostela, CSIC (Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos), 1975, 7-20.

LP= Brea López, M., (coord.), *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, 2 vols., Santiago de Compostela, Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", 1997, pp. 73-126.

MS = *Miragres de Santiago*, ed. de J. L. Pensado, Madrid, *RFE*, anexo 68, 1958, pp. 1-60.

Oseira = *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*, ed. de M. Romani Martínez, 3 vols., Santiago de Compostela, Tórculo Edicións (1989, 1989, 1993).

TCX = *La Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, ed. de R. Lorenzo, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos, T. I, 1975; II, 1977, pp. 3-30.

TextArca = *Textos arcaicos*, ed. de J. L. de Vasconcelos, Lisboa, Livraria Clássica, 5º ed., 1970, pp. 105-113.

Universi = *Fontes documentais da Univerisade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-15370)*, ed. M. Lucas Álvarez e M. J. Justo Martín, Edición diplomática, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1991.

b) Referencias bibliográficas

- Bosson, G., “Differential Object Marking in Romance and Beyond”, en D. Wanner & D. A. Kibbee (eds.), *New Analyses in Romance Linguistics*, Amsterdam, Jhon Benjamins, 1991, pp. 143-170.
- Busse, W. & Vilela, M., *Gramática de Valências*, Coimbra, Livraria Almedina, 1986.
- Ernout, A. & Thomas, F., *Syntaxe Latine*, París, Klincksieck, 1953.
- García-Miguel, J. M., *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes*, Lalia, Serie Maior 2, Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
- Gutiérrez Ordóñez, S., *Variaciones sobre la atribución*, Contextos nº 5, Universidad de León, 1986.
- Halliday, M. A. K., “Language structure and language function”, en J. Lyons (ed.), *New horizons in linguistics*, Penguin, 1970. Cito pola traducción española *Nuevos horizontes de la lingüística*, Madrid, Alianza, 1975, pp. 140-165.
- Lazard, G., “Actance variations and categories of object”, en F. Plank (ed.), *Objects. Towards a Theory of Grammatical relations*, London, Academic Press, 1984, pp. 369-292.
- López Martínez, M. S., *O complemento directo con preposición a no galego*, Verba anexo 36, Universidade de Santiago de Compostela, 1993.
- Moreno Cabrera, J. C., *Fundamentos de sintaxis general*, Madrid, Síntesis, 1987.
- Penadés Martínez, I., *Esquemas sintáctico-semánticos de los verbos atributivos del española*, Madrid, Universidad de Alcalá, 1994.
- Suárez Fernández, M., “Estudio valencial de los verbos denominativos en castellano medieval”, *Moenia* 1, Universidade de Santiago de Compostela, 1995, pp. 383-409.
- Tesnière, L., *Éléments de syntaxe structurale*, París, Klincksieck, 1959.